

ACTA nº 03/2019

REUNIÓN DE INSTALACIÓN DO CONSELLO COORDINADOR DA AGRUPACIÓN EUROPEA DE  
COOPERACIÓN TERRITORIAL DO RÍO MIÑO – AECT RÍO MIÑO

---- A día dous do mes de outubro do ano de dous mil e dezanove, polas 18:00 horas (hora local), nas instalacións da CIM Alto Minho- Valença, sitas na Avenida Miguel Dantas, nº 69, reuniuse o Consello Coordinador do AECT Río Minho. Estiveron presentes, na calidade de membros nomeados pola Comunidade Intermunicipal do Alto Minho – CIM Alto Minho, en vigor no presente mandato, João Fernando Brito Nogueira, Alcalde de Vila Nova de Cerveira, e João Manuel do Amaral Esteves, Alcalde dos Arcos de Valdevez. Despois das eleccións municipais en España de 26 de maio de 2019, nomeados pola Deputación Provincial de Pontevedra – DEPO, de acordo cos Artigos 14º e 15º dos Estatutos do AECT Río Miño, publicados a 08 de marzo na 2ª Serie do Diario da República, e conforme as Resolucións Presidenciais da Deputación de Pontevedra de 24 de setembro de 2019 e de 25 de setembro de 2019, documentos que fican anexos a esta acta, estiveron presentes, Uxio Benítez Fernández, Deputado de Cooperación Transfronteiriza da Deputación de Pontevedra, e Enrique Cabaleiro González, Alcalde do Concello de Tui. -----

---- Decidiron, por unanimidade, iniciar a reunión coa seguinte orde de traballos: -----

---- **Instalación do Consello Coordinador**

---- Revisados os nomeamentos dos representantes da Deputación Provincial de Pontevedra despois das eleccións municipais de España de 26 de maio de 2019, de acordo cos nºs 2 e 5 do artº 15 dos Estatutos, o Consello Coordinador ficou coa seguinte composición: -----

- **Director:** Uxio Benítez Fernández, Deputado de Cooperación Transfronteiriza da Deputación de Pontevedra, re-nomeado pola Resolución Presidencial da Deputación de Pontevedra de 25 de setembro de 2019, de acordo co Artº 14º dos Estatutos do AECT Río Minho, que, conforme o nº 1 do Artº 15º, preside ao Consello Coordinador; -----

- **Vice-Director:** João Fernando Brito Nogueira, Alcalde de Vila Nova de Cerveira, de acordo co nomeamento en vigor da CIM Alto Minho, de 06 de marzo de 2018, e conforme o Artº 15º dos Estatutos do AECT Río Minho; -----

**AGRUPAMENTO TERRITORIAL DE COOPERAÇÃO TERRITORIAL  
DO RIO MINHO – AECT RIO MINHO**

- **Vogal:** Enrique Cabaleiro González, Alcalde do Concello de Tui, nomeado pola Resolución Presidencial da Deputación de Pontevedra de 24 de setembro de 2019, de acordo co Artº 15º dos Estatutos do AECT Río Miño; -----

- **Vogal:** João Manuel do Amaral Esteves, Alcalde dos Arcos de Valdevez, de acordo co nomeamento en vigor da CIM Alto Minho, de 06 de marzo de 2018, e conforme o Artº 15º dos Estatutos do AECT Río Minho. -----

--- En relación ao funcionamento do Consello Coordinador e á definición de procedementos administrativos, ademais foron aprobadas, por unanimidade, as seguintes deliberacións: -----

- As reunións, con periodicidade bimensal, serán convocadas por correo electrónico polo Director cun prazo mínimo de 48 horas; -----

- As deliberacións do Consello Coordinador serán confeccionadas en libro de actas en portugués e galego e serán asinadas polo Director e polo Vice-Director, con excepción da presente acta de instalación que será asinada por todos os membros presentes; -----

- As deliberacións poderán ser aprobadas en minuta asinadas polo Director e polo Vice-Director. -----

--- Non habendo máis nada a tratar, foi pechada a presente reunión sendo as dezoito horas e trinta minutos. -----

--- E, para facer constar, confeccionouse a presente Acta de instalación que fica asinada por todos os membros presentes. -----

Valença, 02 de outubro de 2019

O Director,

-----  
( Uxío Benítez Fernández)

O Vice-Director,

-----  
(João Fernando Brito Nogueira)

**AGRUPAMENTO TERRITORIAL DE COOPERAÇÃO TERRITORIAL  
DO RIO MINHO – AECT RIO MINHO**

FOLHA 27

O Vogal,

(Enrique Cabaleiro González)

O Vogal,

(João Manuel do Amaral Esteves)